

AXUDAS

APOIO Á CONSOLIDACIÓN DAS ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA "BONO CONSOLIDA ECONOMÍA SOCIAL"

Convocatoria 2021- 2022

Página 3 **NORMATIVA REGULADORA**
FINALIDADE
ENTIDADES BENEFICIARIAS
CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

Página 4 **CONTÍAS**
INCOMPATIBILIDADES
PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

Página 5 **PAGAMENTO ANTICIPADO**
EXECUCIÓN
XUSTIFICACIÓN
FINANCIAMENTO

IMPORTANTE:

A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras.

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 4 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia “Bono consolida economía social”, e se procede á súa convocatoria para o 2021 - 2022 (código de procedemento TR802L) (DOG núm. 158 do 18 de agosto de 2021).

FINALIDADE

Apoiar a consolidación das entidades da economía social de Galicia co fin de remediar a grave perturbación que na economía galega provocou o brote da Covid-19, facilitándolles acceso á liquidez e protección mediante liñas de axudas que, con especial incidencia na transformación dixital, melloren a súa actividade económica, incrementen a súa competitividade e en definitiva manteñan empregos de calidade.

ENTIDADES BENEFICIARIAS

Sociedades cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego previstas no artigo 6 da Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Figurar inscritas nos correspondentes rexistros administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Ter presentadas as contas anuais do último ano no Rexistro Mercantil, no Rexistro de

Cooperativas ou no Rexistro de Fundacións, segundo corresponda.

No caso de centros especiais de emprego que teñan forma xurídica de asociación, deberán ter aprobado o balance e conta de resultados pola súa Asemblea Xeral.

- c) Acreditar unha antigüidade de 42 meses na data de solicitude
- d) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- e) Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- f) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

1. Transformación dixital da entidade:

- Plan de uso das novas tecnoloxías no negocio e/ou de optimización da produción.
- Equipamento informático.
- Adquisición e desenvolvemento de software e páxinas web.

2. Profesionalización e desenvolvemento estratéxico co apoio de servizos externos especializados, que impliquen novos métodos de organización, melloras nas rutinas e procedementos de xestión do traballo:

- Investigacións de mercado e análise de potencial competitivo.

- Plan de marketing, de comunicación ou de relanzamento comercial.
 - Plan de futuro e de mellora do negocio.
 - Plan de mellora da xestión financeira.
 - Plan de integración empresarial ou de actuación conxunta.
 - Análise de cumprimento normativo e riscos legais.
 - Obtención de certificacións de calidade.
 - Creación e desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade.
3. **Mellora da competitividade empresarial a través de investimentos comúns:**
- Adquisición de equipamento.
 - Reforma do local do negocio.
 - Mobiliario

CONTÍA

A contía da axuda será equivalente ao **80 % do custo total dos gastos subvencionables** e cos seguintes límites:

- **10.000 € para os gastos para a transformación dixital.**
- **5.000 € para os gastos para a profesionalización e desenvolvemento estratéxico.**
- **5.000 € para os gastos de investimentos comúns.**

O límite máximo das axudas establécese en 20.000 € por cada solicitante. No caso de superarse esta contía na solicitude priorizaranse os gastos presentados seguindo a orde das liñas establecido nas bases reguladoras.

INCOMPATIBILIDADES

Esta subvención é incompatible coas axudas que polos mesmos conceptos e gastos poidan outorgar as administracións públicas.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Desde o día seguinte á data de publicación da orde no DOG ata o 30 de setembro de 2021

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes das subvencións é a Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Concurrencia non competitiva

PAGAMENTO ANTICIPADO

Poderanse realizar pagamentos anticipados, suxeitos ás seguintes condicións:

- Anticiparase hasta o 90 % do importe da subvención concedida en cada anualidade.
- As persoas beneficiarias quedarán exoneradas da constitución de garantía.
- O pago realizarase de oficio previa aceptación da subvención por parte do beneficiario.

EXECUCIÓN

PERÍODO DE EXECUCIÓN

Desde o 01/01/2021 ata o 30/09/2022

Coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2021: do 01/01/2021 ao 30/10/2021
- Anualidade 2022: do 01/11/2021 ao 30/09/2022

XUSTIFICACIÓN

As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación que se exige na resolución de concesión, xustificando o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos percibidos.

DATAS MÁXIMAS DE XUSTIFICACIÓN

- O 3 de decembro de 2021 para a xustificación da **anualidade 2021**
- O 30 de outubro de 2022 para a xustificación da **anualidade 2022**

FINANCIAMENTO

Esta convocatoria está dotada con 2.875.000 euros, financiados con fondos finalistas do Estado con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. A distribución inicial de créditos por anualidades é:

- 2021: 1.645.000,00€
- 2022: 1.230.000,00€.

MÁIS INFORMACIÓN

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE ECONOMÍA SOCIAL SERVIZO DE FOMENTO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

881 999 711 · 981 545 701

Xefatura Territorial da Coruña
Avda. Salvador de Madariaga, 9
15071 A Coruña
981 185 895

Xefatura Territorial de Ourense
Avda. de la Habana, 79
32071 Ourense
988 386 401

Xefatura Territorial de Lugo
Rolda da Muralla, 70
27071 Lugo
982 294 290

Xefatura Territorial de Vigo
Concepción Arenal, 8
36201 Vigo
986 817 695

empregoigualdade.xunta.gal
economiasocial.emprego@xunta.gal
integracion.laboral.emprego@xunta.gal

eusumo.gal
info@eusumo.gal